

## NOTA DE PRENSA

# **A Asociación Área Empresarial do Tambre e o Concello de Santiago renovan un convenio de colaboración encamiñado á consolidación do Biopolo Sionlla**

## **O acordo inclúe o apoio ao servizo de vixilancia da área empresarial**

---

*Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022 (Vía Láctea Comunicación).* - A Xunta de Goberno do Concello de Santiago aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Asociación Área Empresarial do Tambre (AAET) e o Concello de Santiago de Compostela para seguir traballando no desenvolvemento do **Biopolo Sionlla**, xa en marcha coa construción do Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas (CSIEB) que previsiblemente se inaugurará en xaneiro de 2023.

O proxecto, enmarcado no Acordo da Sionlla entre a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago, a Universidade de Santiago (USC), Cámara de Comercio de Santiago e a asociación empresarial do Tambre, pretende a reindustrialización da cidade e do resto de Galicia, coa promoción do asentamento de empresas e a captación de proxectos de investimento.

Neste terceiro ano do convenio asinado entre o Concello e a Asociación, o obxecto é desenvolver accións destinadas ao desenvolvemento do Biopolo Sionlla co horizonte de procurar a súa consolidación e a captación de empresas para o proxecto.

Na consecución destes fins, a Secretaría Técnica do Acordo da Sionlla encargárase de impulsar e coordinar actividades que actúen como punto de encontro de axentes da cidade para a súa industrialización, poñendo en valor as potencialidades de Santiago de Compostela ante a Administración autonómica, as empresas e os investidores para acadar os recursos necesarios que impulsen a promoción económica da cidade. Esta secretaría coordinará axendas para reunións, elaborará documentación e informes e propoñerá diferentes proxectos conxuntos, ademais de facer un control da evolución do biopolo, ofrecer ás partes implicadas unha avaliación dos obxectivos acadados e deseñar novas accións, especialmente para o sector da madeira.

Entre os obxectivos para o desenvolvemento de negocio do biopolo están o de promover a comercialización dos espazos no edificio de servizos compartidos, dos espazos industriais e proxectando os espazos de crecemento a futuro co apoio de empresas de consultoría e comunicación.

Finalmente, tamén contempla a colaboración co servizo de vixilancia da área empresarial e a coordinación do servizo cos organismos municipais, especialmente coa Policía Local e cos servizos de Bombeiros.

*NOTA.- Inclúe fotografía recente das obras do CSIEB*